

PROTOCOLO DE MEDIACIÓN

(REVISADO EN CLAUSTRO O 28 DE XANEIRO DE 2016 E APROBADO EN CONSELLO ESCOLAR O 29 DE XANEIRO DE 2016)

QUE PRETENDEMOS CONSEGUIR COA POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN SERVIZO DE MEDIACIÓN ESCOLAR?

- A resolución pacífica de conflitos: de xeito que dúas partes (alumn@s) enfrontadas mediante un conflito traten, de forma pacífica e voluntaria, de chegar a un acordo satisfactorio para ambas partes coa axuda de terceiras persoas que “moderen” ese proceso (mediador@s)
- Diminuír o número de sancións: algunhas das sancións impostas ao noso alumnado veñen motivadas por un conflito previo non resolto.
- Inculcar no noso alumnado valores relacionados coas competencias sociais e cívicas (respecto, aceptación das diferenzas, actitudes dialogantes,...), fundamentais para unha boa convivencia.
- Diminuír a intervención dos adultos en conflitos que poidan ser resolto entre iguais (alumn@s en conflito con alumn@s)

CALES SON OS PRINCIPIOS NOS QUE DEBE REXERSE A MEDIACIÓN ESCOLAR?

- Confidencialidade
- Voluntariedade
- Imparcialidade
- Predisposición para chegar a acordos
- Atenuante ante posibles sancións

QUE TIPO DE CONFLICTOS SERÁN RESOLTOS COA MEDIACIÓN?

De momento ímonos centrar na resolución de conflitos entre o alumnado que afecten á convivencia no centro escolar (xa sexan estes conflitos xurdidos no propio centro ou fóra del, pero que afecten á convivencia no centro escolar).

Neste tipo de conflitos poderase utilizar a mediación previo a que un conflito derive nunha falta de conduta como medida preventiva, ou a posteriori como medida reparadora ou conciliadora.

ANTE QUEN SE PODE SOLICITAR A MEDIACIÓN?

- Ante a xefatura de estudos
- Ante a dirección (que o poñerá en coñecemento da xefatura de estudos)
- Ante algún membro do equipo de convivencia ou do profesorado formado en mediación (que o poñerá en coñecemento da xefatura de estudos)

CANDO SE PODE E QUEN PODE SOLICITAR A MEDIACIÓN?

- Non** se poderá solicitar, ou non poderá acudir ao servizo de mediación cando:
- Unha ou as dúas partes en conflito cometan unha falta gravemente prexudicial contra as normas de convivencia.

- Non existan as condicións emocionais óptimas en calquera das partes para poder levar a cabo o proceso de mediación.

Poderá poñerse en práctica a mediación cando non se dea ningunha das circunstancias anteriores e:

- As dúas partes en conflito o solicitan.
- Unha das partes en conflito o solicita (oralmente ou por escrito) e a outra parte acepta e asina, voluntariamente, a solicitude de mediación.
- Algún membro do persoal docente ou non docente informa dun conflito e as partes implicadas aceptan, voluntariamente, a mediación asinando un compromiso de mediación.
- Algún/algunha alumn@ observador/a de aula ou membro do equipo de mediación observa un conflito e as partes implicadas aceptan, voluntariamente, a mediación asinando un compromiso de mediación.
- A xefatura de estudos ou a dirección ou calquera membro do equipo de convivencia derivan un conflito ao equipo de mediación despois de producirse unha falta contraria ás normas de convivencia e as partes implicadas aceptan, voluntariamente e como posible atenuante da falta, a mediación asinando un compromiso de mediación.

QUEN LEVA A CABO A MEDIACIÓN?

Dous membros do equipo de mediación que teñan a menor relación posible coas partes implicadas e, no caso de existir esta relación, que sexa de igualdade con ambas partes. Tratarase de que un dos dous membros sexa, cando menos, da mesma idade que as partes implicadas.

Estes dous mediadores serán escollidos por unha comisión formada por o/a coordinador/a de convivencia, pol@ xef@ de estudos e por un membro do equipo de mediación que rote, preferentemente, en función do coñecemento que teña do alumnado que vai acude á mediación.

Terase, ademais, en conta que:

- Calquera das partes implicadas poderá recusar a algún/algunha mediador/a por razóns debidamente xustificadas.
- Calquera mediador/a poderá obxectar da súa participación na mediación por razóns debidamente xustificadas.

ONDE SE LEVA A CABO A MEDIACIÓN?

Na aula de convivencia ou, no caso de estar ocupada por alumnado remitido a esta aula, na aula de atención a nais e pais ou na sala Irmandiños.

DURANTE QUE PERIODOS SE REALIZA A MEDIACIÓN?

- Durante o tempo de lecer.
- Os mércores no mediodía.
- Durante as sesións de titoría no caso en que coincidan á mesma hora para o alumnado implicado en todo o proceso.
- Durante as sesións de atención educativa, valores éticos ou relixión no caso en que coincidan á mesma hora para o alumnado implicado.

- Durante as ausencias de profesorado.
- Cando o determine, de non existir outra posibilidade, a xefatura de estudos ou a dirección.

CANDO REMATA A MEDIACIÓN?

- Cando son revisados os acordos aos que se chegaron durante o proceso de mediación e a xefatura de estudos ou a dirección é informada do cumprimento ou incumprimento de tales acordos. Posteriormente, se é necesario, a xefatura de estudos tomará as decisións pertinentes.
- Cando non se chega a ningún acordo durante o proceso de mediación polas partes implicadas e a xefatura de estudos ou a dirección é informada. Posteriormente, se é necesario, a xefatura de estudos tomará as decisións pertinentes.

COMO COORDINAR E FACER UN SEGUIMENTO DO SERVIZO DE MEDIACIÓN?

- Reunións periódicas (cada mes ou mes e medio, en función das necesidades de revisión de acordos) dalgún ou vari@s profesor@s do equipo de mediación, convivencia, xefatura de estudos ou dirección co equipo de mediación.
- Realización de materiais para informar e documentar o traballo do servizo de mediación.
- Levar un rexistro informatizado (base de datos ou táboa excel) das actuacións do servizo de mediación.
- Avaliando o servizo de mediación en función dos grao de cumprimento dos acordos e do seu resultado a efectos da mellora da convivencia no centro.

DISPOSICIÓNS FINAIS

- Este protocolo deberá ser presentado ao claustro e aprobado en Consello Escolar.
- O protocolo deberá ser incorporado ao Plan de Convivencia.
- A creación do servizo de mediación debe ser difundida entre a comunidade educativa a través de elaboración de dípticos, carteis e páxina web do centro.

ANEXO I
IMPRESO DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN

Data:

1) Persoa que solicita a mediación

Nome:

- Director/a, xefe/a de estudos ou compoñente do equipo directivo
- Orientador/a o coordinador/a do servizo de mediación
- Titor o titora dalguna das persoas en conflito
- Profesor ou profesora dalguna das persoas en conflito
- Profesor ou profesora do centro educativo que coñece el conflito
- Alumno ou alumna do equipo de mediación
- Alumno ou alumna que forma parte do conflito
- Alumno ou alumna que coñece o conflito
- Pai ou nai dalguna das personas en conflito
- Pai ou nai que coñece o conflito
- Persoal de secretaría, conserxería ou limpeza
- Outras:.....

2) Persoas en conflito:

1: Nome, curso, ...:

2: Nome, curso, ...:

3) Breve descripción do conflito:

ANEXO II
REGISTRO DE MEDIACIÓN

1.- CONTEXTO DO CONFLITO

Lugar do conflito:

Tipo de relación entre as partes:

En que contexto se produce:

Intervención de terceiras persoas no conflito:

2.- PROTAGONISTAS. O PROCESO

Posicións e feitos de cada parte

--	--

Sentimentos de cada parte

--	--

Necesidades de cada parte

--	--

Acordos que se propoñen

ANEXO III
REGISTRO DE ACORDO PARA A MEDIACIÓN

Este documento e un acordo entre _____ e
_____ para a resolución dun problema
ou dunha situación que nos trouxo a mediación.

Comprometémonos a:

Sinatura

Sinatura

ANEXO IV

REVISIÓN POR PARTE DO ALUMNADO MEDIADOR

Data:

1. Cal e a vosa relación agora?
 2. Foron cumpridos os compromisos?
- ◇ Si
 - ◇ Non. Porque? Que ides a facer a partir de agora?

REVISIÓN POR PARTE DA XEFATURA DE ESTUDOS

Data:

Hai evidencias do cumprimento dos compromisos? Hai reparación de danos?

- ◇ Si
- ◇ Non. Proposta alternativa:
 - o Medida correctora:
 - o Volver a mediación
 - o Conciliación/Arbitraje
 - o Seguimento por parte da titora/coordinadora
 - o Outras:

ANEXO V

CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN D@S ALUMN@S MEDIAD@S

CONTESTA ÁS SEGUINTE PREGUNTAS

1. Consideras que a mediación foi satisfactoria?
 moitísimo moito
 regular pouco
 moi pouco
2. Os/as mediadores/as axudáronte e/ou guiáronte cara a resolver o teu problema?
 moitísimo moito
 regular pouco
 moi pouco
3. Como te sentiches ao longo do proceso de mediación?
 moi ben ben
 regular mal
 moi mal
4. Resultou doado chegar ao acordo con solucións satisfactorias para ambas partes?
 moitísimo moito
 regular pouco
 moi pouco
5. A solución proposta, .soluciona o problema concreto que vos afrontou?
 moitísimo moito
 regular pouco
 moi pouco
6. Consideras que coa solución proposta pódese mellorar a relación para o futuro?
 moitísimo moito
 regular pouco
 moi pouco
7. Cres que no caso de volver a ter algún problema poderías resolvelo por ti mesmo/a co aprendido na mediación?
 si non